

# MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo



nº 16 - 2012

*NENOS SALVAXES E  
PSIQUIATRÍA INFANTIL*



NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

AUTISMO GALICIA

# MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 16. Ano 2012

Número Ordinario

galego/castelán

## *Director*

Cipriano Luís Jiménez Casas

[ciprianoluis@menela.org](mailto:ciprianoluis@menela.org)

## *Consello de Redacción*

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

## *Corrección Lingüística*

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

## *Ilustración portada*

Berta Caccamo

## *Edita*

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: [info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

## *Impresión*

Difux, S.L.

## Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

9

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA  
EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO

Federico Fernández Osorio

27

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé

41

A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS:  
O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila

51

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

67

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO  
SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

81  
NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL  
Cipriano Luis Jiménez Casas

93  
O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO  
María Pilar García Negro

109  
MULLERES, LOUCURA, ESCRITA  
Marilar Aleixandre

— CASTELLANO —

117  
Editorial  
NIÑOS SALVAJES Y PSIQUIATRIA INFANTIL

119  
DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA  
EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO  
Federico Menéndez Osorio

137  
EL NIÑO SALVAJE  
Jean Garrabé

151  
LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS:  
EL CASO DE “MARCOS”  
Gabriel Janer Manila

161

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

177

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGIA: EL NIÑO SALVAJE  
EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

191

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas

203

EL CIELO DESDE LA TIERRA EN LA OBRA  
DE ROSALIA DE CASTRO

María Pilar García Negro

221

MUJERES, LOCURA, ESCRITURA

Marilar Aleixandre

## A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS: O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila\*

Catedrático de Antropoloxía da Educación

### RESUMO

*A partir do estudo da historia de Marcos Rodríguez Pantoja, que viviu abandonado en Serra Morena entre os sete e os dezanove anos, abórdase o estudo dalgúns problemas, sobre todo de índole educativo, que formula o illamento social e como este determina as estruturas da personalidade humana. As dificultades de Marcos para adaptarse á vida social xorden da propia sociedade, que non lle facilita o camiño, pero tamén xorden deste Marcos, posto que as estruturas do seu pensamento creceron a un ritmo diferente e dunha forma distinta de como o fixesen no seo da sociedade. A historia de Marcos formúlanos a problemática da irreversibilidade dunhas determinadas aprendizaxes cando estas se produciron durante os anos cruciais da vida.*

\* O autor é Licenciado en Letras e doutor en Pedagogía pola Universidade de Barcelona. Catedrático de Antropoloxía da Educación na Universitat de les Illes Balears e escritor. En 1967 deuse a coñecer con *L'abisme*, Premio Ciutat de Palma de novela. Dende entón a súa produción narrativa foi continua, con títulos como *Els alicorns*, Premio Josep Pla 1971; *La cerimònia* (1977); *Els rius de Babilònia*, Premio Sant Joan de novela 1984; *La dama de les boires* (1987); *Paradís d'orquídies* (1992); *Lluna creixent sobre o Tàmesi* (1993); *La vida, tan obscura* (1996); *Els jardins incendiats*, Premio Carlemany de novela 1997; *George* (2002); *ÈXTASI* (2005) e *TIGRES* Premio Ramón Llull de Literatura Catalá, 2007. Tamén cultivou o ensaio, con títulos como *Cultura popular i ecologia del llenguatge*, Premio Josep Pallach 1981; ou a súa tese doutoral *La problemàtica educativa dels infants selvàtics: o cas de Marcos* (1979), traducida ao inglés: *Marcos, wild child of the Sierra Morena* (Londres. Souvenir Press, 1982), e a narrativa infantil e xuvenil: *O rei Gaspar*, Premio Josep M. Folch y Torres 1975; *Tot quant veus és o mar*, Premio de la Generalitat de Catalunya ao mellor libro infantil publicado en 1987 e Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil do Ministerio de Cultura 1988; *Els rius de la lluna*, Premio Ala Delta 1987; *Recorda't dels dinosaures*, *Anna Maria*, premio Edebé 1991; *Han cremat el mar*, de novo Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil do Ministerio de Cultura 1994; *El terror de la nit* premio Columna Jove 1995;

## **Introdución**

O primeiro problema que se nos formula ao iniciar o estudo do abandono social e da problemática educativa que este presenta é a enorme cantidade de literatura que se produciu a partir dos casos de nenos selváticos, reais ou imaginarios, e como estes foron utilizados para abordar, unhas veces dende o pensamento filosófico, outras dende a creación literaria e outras dende o estudo antropolóxico, certas formulacións de tipo político. O neno abandonado, illado da sociedade e perdido na soidade da selva ou escondido entre as catro paredes dun cuarto case sempre lúgubre, serviu para propoñer unhas veces a bondade natural do home, outras, a corrupción da sociedade e os efectos perturbadores da cultura, e outras, a benignidade case idílica da natureza.

Trátase dunha bipolarización que atopamos ao longo da historia e se formula en termos de selva-poboado, de *physis* e *nomos*, do cru e o cocido, de retorno ás leis da conciencia –o recurso á lei natural–, fronte ás leis convencionais. En último extremo trátase de atopar a resposta á seguinte pregunta: Que hai de natural ou de biolóxico e de cultural no desenvolvemento do ser humano? Que debemos á herdanza que levamos escrita nos nosos xenes e que hai en nós procedente da adquisición cultural, polo tanto, da intervención educativa?

Á marxe do mito e da súa utilización, o estudo daqueles casos de nenos que creceron sós, illados de todo contacto humano, aleitados en ocasións por animais ou adoptados por eles, abandonados ao rigor da selva na que foron capaces de subsistir polos seus propios medios, ou escondidos nun habitáculo secreto, lévanos a considerar a necesidade da cultura no proceso de construción da personalidade humana.

## **Características xerais**

Existen unhas características xerais que aparecen na maioría dos casos estudados. Carl von Linné<sup>1</sup> fixo daqueles nenos que viviran sós e aos que se lles interrompera o proceso de socialización unha nova especie: *homo ferus*, aínda

*Samba per a un menino da rua* (2000), premio do IBBY e *He jugat amb els llops* Premio Joaquim Ruyra 2009. Por dúas veces, en 1988 e en 1994 foi nomeado candidato do Estado español ao Premio Internacional de Literatura Xuvenil Hans Christian Andersen. A súa obra foi traducida ao alemán, castelán, inglés, galego, éuscaro, holandés, ruso, italiano e francés. Impartiu cursos e pronunciou conferencias en Barcelona, Tarragona, Madrid, Vigo, Valencia, San Sebastián, A Coruña, Huelva, Pamplona, Valladolid, Sevilla, Santander, París, Frankfurt, New York, Berlín, Bremen, Padua, Palermo, Bolonia, Cagliari, México, Ville Québec etc.

1 Linné, Carl von: *Systema naturae*. Estocolmo, Laurentii Salvii. 10.<sup>a</sup> edición, tomo I, 1758.



que só puido atopar nove exemplos descritos de forma breve e parca. Sinalou dúas características: o feito de andar a catro patas e o de non falar. Tamén se referiu ao feito de ter o corpo cuberto de lanuxe, aínda que observaba que non podía estenderse a todos os casos.

Lucien Malson<sup>2</sup> sinalou que a peluxe que Linné lles atribuíu aos nenos selváticos pertence á lenda. O mesmo Malson, despois de observar que o empobrecemento de linguaxe se debe ao illamento, pero sobre todo á falta dunha relación familiar eficaz, posto que a linguaxe se aprende fundamentalmente por imitación e existe un vínculo profundo entre a adquisición da linguaxe e os modelos que o neno ten ao seu alcance, non ten ningunha dubida sobre a importancia da relación materno-filial na formación dos primeiros esquemas lingüísticos. Finalmente, Malson destaca cinco características xerais particularmente referidas ao desenvolvemento sensorial: a facilidade de ver na escuridade, a dificultade para distinguir entre un relevo e unha figura plana, o notable desenvolvemento das facultades acústicas e unha especial sensibilidade para percibir os olores –de aí que cabe destacar a tendencia a ulir os obxectos que caracterizou algúns destes nenos–, a insensibilidade ante a temperatura e moito máis co frío que coa calor.<sup>3</sup>

Pero aquilo que máis destacaron os que tiveron a oportunidade de estudalos por vez primeira foi unha lóxica vinculación dos sentidos á existencia solitaria. Tanto Jean Itard<sup>4</sup>, como Anselm von Feuerbach<sup>5</sup>, como J. A. L. Singh<sup>6</sup> insisten na extraordinaria adaptación dos sentidos de cada un dos nenos que estudaron ao medio no que foron atopados e ao que tiveran que adaptarse para sobrevivir. Porque, en realidade, a capacidade de adaptación é aquilo que deberíamos destacar por riba de todo. Unha adaptación que, máis tarde, vai dificultar todo proxecto de reeducación. Malson sinala tamén o carácter rudo das

2 Malson, Lucien: *Los niños selváticos*. Traduc. ao castelán e notas de Rafael Sánchez Ferlosio. Madrid, Alianza Editorial L. B. n.º 483, 1973. p. 47.

3 Tamén Marcos, como Víctor del Aveyron, algún dos casos descritos por Sleeman e Kamala de Midnapore, mostrou a súa insensibilidade ante o frío.

4 Vide. Itard, Jean-Marc Gaspard: *De l'éducation d'un home sauvage ou des premiers développements physiques et moraux du jeune sauvage de l'Aveyron*. Parides, Goujon, 1801. Tradución ao castelán de Raael Sánchez Ferlosio. Madrid, Alianza Editorial L. B. n.º 483, 1973.

*Rapport fait a S. E. le ministre de l'Intérieur sur les nombreux développements et l'état actuel du sauvage de l'Aveyron*. Parides, Imprimerie Impériale, 1807. Tradución ao castelán de Rafael Sánchez Ferlosio. Madrid, Alianza Editorial L. B. n.º 483, 1973.

*Rapports et mémoires sur le sauvage de l'Aveyron*. Nova edición das obras de 1801 e 1807. Prefacio de Bourneville. Introducción de Bousquet e Delasiauve. París, Alcan, 1894.

5 Feuerbach, Anselm von. *Kaspar Hauser, Beispiel eines Verbrechens am Seelenleben des Menschen*. Ansbach, 1832.

6 Singh, Joseph Amrito e N. R. Zingg. *Wolf Children and feral Man*. New York, Harper, 1940.

emocións: “Tan só emocións máis rudas e moito menos específicas, como a ira ou a intemperancia, axitaban a Tomko, a Víctor, a Dina Sanichan, ao neno de Kromstadt ou ás dúas nenas do reverendo Singh”.<sup>7</sup> Tamén se atopa inhibida na maioría de casos a tendencia a relacionarse cos demais seres humanos, acentuándose os seus afectos cos animais. Igualmente a aparición da risa e o choro confirma a necesidade da súa aprendizaxe social. Malson, nese sentido, coincide con Natorp cando afirma que o home non soamente se fai home no seo dunha comunidade humana, senón que, se chega a faltarlle esa comunidade, rompería para sempre o proceso de hominización.<sup>8</sup>

Estas características xerais que se lles aplicaron aos nenos selváticos lévanos a un problema de grande importancia: a dificultade de chegar a ser adulto, non só no sentido de autosuficiente, senón tamén de ser capaz de entender canto sucedeu, canto sucede aínda ao noso arredor. Este feito enfróntanos a outra problemática: a orixe do atraso intelectual que, en todos os casos, os caracteriza.

### **O problema do indeterminismo**

Un dos temas que máis nos atraen entre os que derivan do estudo dos nenos aos que se lles interrompeu o proceso de socialización é o do indeterminismo do home e a necesidade da cultura no proceso de consolidarse como ser humano: “... *afastado do consorcio humano, un individuo perde ou deixa de adquirir ou adquire só minimamente os caracteres humanos*”.<sup>9</sup> E, contrariamente ao que acontece cos animais, observouse que o home non ten predeterminada antes de nacer a súa determinación. E mesmo, como puido supoñer R. Sánchez Ferlosio, existe a posibilidade do home a determinarse despois do nacemento en sentidos diversos. Esta hipótese lévanos a pensar que o ser humano pode chegar a ser un lobo –sería o caso de Kamala de Midnapore– ou pode non ser nada, é dicir, prolongar a indeterminación que tiña ao nacer, como no caso de Ana de Pensylvania. Ana non tivo a posibilidade de exercitar as súas pernas porque permanecera deitada durante moitos anos nun catre. Kamala, non obstante, adquirira a axilidade dos lobetos, era cuadrúpede e corría. Itard, no seu informe de 1801 advertía: “*Así na horda máis salvaxe e vagabunda como na nación europea máis avanzada, o home non é senón aquilo que se lle fai ser; sendo criado polos seus semellantes, non tomará senón os seus costumes e as súas necesidades, nin as súas ideas serán menos alleas; gozaría en*

7 Malson, Lucien. Op. cit. p. 49.

8 Natorp, Paul G. *Pedagogía social: teorías da educación da vontade sobre a base da comunidade*. Madrid, 1913.

9 Abbagnano, N. e A. Visalberghi: *Historia da Pedagogía*. Madrid. Fondo de Cultura Económica, 1974, p. 12.

*todo caso da máis alta prerrogativa da súa especie: a capacidade de desenvolver o seu entendemento baixo o impulso da imitación e a influencia da comunidade*".<sup>10</sup> Tamén Malson acaba por afirmar que os nenos selváticos, aqueles que por vontade dos adultos foron excluídos demasiado pronto dunha atmosfera educativa humana e que foron capaces de sobrevivir ao abandono, son fenómenos de pura e simple deformidade. Pero esa deformidade dinos "*...que antes da educación o home en canto home non é máis que unha simple eventualidade, isto é, menos aínda que unha esperanza*".<sup>11</sup>

Cando o reverendo J. A. L. Singh no seu estudo sobre Amala e Kamala e as súas posibilidades de reeducación descubría que a única forma de rehabilitar aqueles dous pobres seres era mediante o establecemento dunha serie de lazos afectivos, non se decataba –escribiu J. Rof Carballo<sup>12</sup>– de que acababa de descubrir unha profunda realidade biolóxica. Na liña do psicanalista e antropólogo suízo Bally, Rof Carballo reafirma a idea do indeterminismo humano, pero descobre a relación entre o desenvolvemento da intelixencia –hoxe diríamos o desenvolvemento das intelixencias– e a vinculación afectiva. Trátase do paso do instinto á intelixencia. E todo iso se vai traducir bioloxicamente no desenvolvemento do *pal·lium* cerebral, posto que o proceso de desenvolvemento do cerebro só se vai efectuar baixo unha simbiose de afecto. Pero Itard xa insistira niso no seu programa de reeducación de Víctor. Inspirándose nas teorías de E. de Condillac vai poñer o acento na educación sensorial, posto que a mellora da sensibilidade táctil, auditiva, visual etc., debe servir de trampolín para o desenvolvemento da linguaxe, do pensamento e da conciencia moral. Ao render contas dos resultados obtidos coa aplicación do seu programa psicopedagóxico, en 1806, distribúe os seus logros en tres apartados: a mellora do funcionamento dos sentidos, o espertar da intelixencia e, polo tanto, das capacidades cognitivas de Víctor, e o desenvolvemento das súas emocións, fundamentais para o exercicio da intelixencia.<sup>13</sup>

### **Sobre as causas do atraso mental**

Un dos problemas que o estudo dos nenos selváticos formula incide na orixe do atraso intelectual que todos eles presentan. Aquilo que se cuestiona é se ese atraso está na base do abandono ou se é unha consecuencia da vida solitaria e salvaxe. Philippe Pinel cría que Víctor era un atrasado conxénito, moi pare-

10 Itard, J. *De l'éducation d'un home sauvage...* Op. cit. p.107.

11 Malson, L.: Op. cit. p.85.

12 Rof Carballo, J.: *Cerebro interno e mundo emocional*. Barcelona. Edit. Labor, 1952.

13 Vid. Strivay, Lucienne. *Enfants sauvages. Approches anthropologiques*. París. Gallimard, 2006.

cido aos nenos afectados de idiocia que vía todos os días en Bicêtre. Itard non o aceptou xamais e Víctor fora un neno intelixente, por iso sobreviviu ao abandono, pero viu minguadas as súas capacidades ao faltarlle o contacto social. Como Víctor, Genie, outro dos casos máis interesantes, tiña un comportamento anormal. Naceu en 1957, o mesmo ano en que aparece a obra *Syntactic Structures* de Noam Chomsky,<sup>14</sup> na que defendía que as estruturas sintácticas son innatas. Esta tese foi duramente combatida tanto polos discípulos de B. F. Skinner como polos de Jean Piaget, para os cales a aprendizaxe da linguaxe depende do ámbito social. Cando Genie tiña trece anos, unha estudante de lingüística, Susan Curtis, dedicouse ao estudo da súa linguaxe. As súas apreciacións, ao principio optimistas, fórono menos co paso do tempo. O seu traballo achéganos unha das conclusións máis atractivas: as posibilidades de aprendizaxe da linguaxe non son posibles máis que nun período crítico –entre os 2 e os 13 anos–, como avanzara en 1967 o neuropsicólogo Eric Lenneberg. Pero as razóns do atraso mental como causa do abandono son retomadas con frecuencia. Esta é a tese de Franz J. Gall e Johann Caspar Spurzheim, de Ph. Pinel, de Claude Lévi-Strauss, de Uta Frith. Ao contrario, descartaron a tese da idiocia, J. Itard, L. Malson e Roger Shattuck.<sup>15</sup> Kamala, Víctor, Genie, Gaspard mostraron curiosidade e certas ganas de aprender. Os seus pequenos progresos evidenciaron que non se trataba de seres cuxo atraso intelectual era conxénito. Este problema foi tamén abordado por Sánchez Ferlosio coa súa teoría da irreversibilidade dos signos que a personalidade adquiriu. Cando a natureza humana se atopa absolutamente deserta pode estar ocupada por unha natureza animal. E aquelas características que foron adquiridas doutra natureza son irreversibles. Escribe: “...é necesario poñerse a ser lobo con toda intensidade, con toda a purificación de que poida chegar a ser capaz a alma; é preciso comprometer no empeño ata o último nervio sensitivo, ata a máis extrema ramificación motora, funcionalizar e especializar en lobo todos os resortes da percepción e da acción, porque se trata dun oficio que non ten domingos nin horas de descanso”.<sup>16</sup>

En cambio, a condición humana sería igualmente irreversible se xa fose adquirida no momento de producirse o abandono? Sánchez Ferlosio formúlase o problema dende o punto de vista da asimetría que existe entre un progreso e unha regresión. O feito de perder a condición humana coa finalidade de adquirir outra de nivel inferior atoparía o camiño relativamente achandado, sobre todo, se isto acontecía durante os primeiros anos da infancia. Ao contrario,

14 Chomsky, Noam: *Syntactic Structures*. Londres. Mouton, 1957.

15 Shattuck, R.: *The Forbidden Experiment, the story of wild boy of Aveyron*. Washington. Square press, 1980.

16 Sánchez Ferlosio, Rafael: Op. cit. p. 283.

sería de moi distinto xeito, posto que tería maior dificultade no ascenso biolóxico. Todo iso fai pensar que unha existencia de nivel biolóxico máis baixo compromete a alma dunha forma máis pechada e excluínente.<sup>17</sup>

### O caso “Marcos”

Moi a miúdo púxose en dúbida a credibilidade das historias que se contan sobre nenos abandonados. E é certo que a maioría xeran máis dúbidas que respostas. Ás veces foi a ambigüidade dos informes que se escribiron, outras os condicionamentos sociais que non deixaron de incidir sobre aqueles que foron testemuñas da súa reeducación ou do seu descubrimento. Algo ou alguén intentou escurecelos. Non obstante, rexeitalos en bloque pode ser un erro. Nin a posibilidade de abandono pode ser negada nin a de supervivencia. E que algúns destes casos fosen descubertos non ten nada de insólito. Hoxe está demostrada a capacidade de relación entre os animais e o home e mesmo os estudosos da conduta animal refírense ao instinto de socialización propio de certos animais, que lles podería forzar a integrar no seu contorno á cría humana que de pronto a ve abandonada nun medio hostil.

A aventura vivida por Marcos Rodríguez Pantoja sitúanos ante un novo caso de illamento social. A oportunidade de coñecelo en Palma (Mallorca) en 1975, onde acudira en busca de traballo posibilitoume o seu estudo. Nacido en Añora, unha vila de Córdoba, o sete de xuño de 1946, os seus pais, Marcos e Araceli, emigraron a Madrid onde morreu a nai, deixando outros dous fillos que foron vivir cuns familiares. Marcos quedou co pai que contraeu de novo matrimonio. A nova parella –hai que observar que a muller levaba tamén un fillo habido doutra relación– decide regresar á súa terra e instálanse a comezos da década dos cincuenta en Fuencaliente, en terras de Cidade Real, en plena Serra Morena, para dedicarse á produción de carbón vexetal. Alí, Marcos é abandonado –el sempre tivo a convicción de que o seu pai o vendeu– aos sete anos nun val solitario coa finalidade de que realice un traballo: que vixie un raboño de cabras. Na base do seu abandono hai que situar os condicionamentos socioeconómicos da posguerra, cando a fame e a miseria se estenden sobre as vilas de Andalucía, o rexeitamento familiar do que é vítima e a consideración de que o seu illamento se produce co obxectivo de sacarlle un proveito: o traballo do neno que se ve forzado a coidar dunhas cabras en pleno monte.

O relato da súa vida –a historia da súa peripecia–, que gravei durante cinco meses<sup>18</sup> revela que as dificultades de adaptación xurdiron do propio Marcos,

17 Ibidem.p. 284.

18 Entre o 4 de novembro de 1975 e o 2 de abril de 1976.



pero tamén do ámbito social que o rodeou. A partir do devandito relato e dos testemuños que recollín nunha viaxe polas terras onde aconteceron os feitos, puideron chegar a unha serie de conclusións que serviron de punto de partida para o meu estudo:

- a) Como consecuencia do rexeitamento familiar, Marcos foi abandonado nun val de Serra Morena co obxectivo de que coidase un rabaño de cabras.
- b) Un vello pastor ao que Marcos vai substituír introducéo no medio ao longo dun tempo indeterminado, non moi longo.
- c) O illamento e o abandono son case absolutos. Moi de tanto en canto, ten un breve e escaso contacto coas persoas que acoden a levar os chibos.
- d) Este illamento vai durar preto de doce anos. Probablemente, entre 1953 e 1965.
- e) O testemuño daquelas persoas que o trataron durante os primeiros meses da súa vida en sociedade, despois da súa captura, destacan o seu carácter selvático: o descoñecemento absoluto das relacións sociais, as dificultades da linguaxe (sobre todo o descoñecemento do nome das cousas), o seu andar estraño, a súa inxenuidade etc.
- f) Tamén coinciden en destacar a calidade da súa intelixencia e os coñecementos adquiridos referidos ao ámbito natural no que vivira.

Tratábase de que Marcos contase a súa aventura humana, con lentitude, ante un magnetófono, que relatase canto recordaba da súa existencia anterior ao abandono: a nai morta, o novo matrimonio do pai, os seus irmáns... do traballo de carboeiros en Fuencaliente no comezo dos anos cincuenta, que recordase os primeiros días da súa vida no val solitario de Serra Morena, sen outra compañía ca a dun vello pastor –o home que o iniciou á vida illada– e un rabaño de cabras, que contase a súa forma de vida, abandonado e só, despois de que desaparecese de forma inesperada o vello pastor, que referise como o descubriu, pasados doce anos, a Garda Civil, como foi a súa captura e a súa vida posterior entre a xente da vila, recollido na casa dunha xente de ben. Era a súa propia historia, que contara moitas veces de forma fragmentada ante a reacción incrédula de quen o escoitaba. O seu relato, gravado primeiro e logo transcrito minuciosamente co máximo rigor e fidelidade ás súas palabras foi filtrado –non hai que esquecerlo– polos dez anos que transcorreron entre a súa captura e o noso encontro en Palma. Uns anos que non lle foron doados e que, lóxicamente, espertaron nel a morriña da súa vida solitaria. Tamén hai que advertir que gran parte da súa linguaxe actual é consecuencia da aprendizaxe realizada durante os anos que seguiron ao seu illamento e, polo tanto, o resultado dos diversos ambientes nos que viviu: a vila, a gran cidade, o asilo de convalecentes, o cuartel, o ámbito do traballo en hostalería etc. Todos eses lugares confi-

guraron a súa linguaxe actual, en definitiva un instrumento ao servizo do seu pensamento e co que codifica a súa experiencia anterior. Pero tamén conserva parte da linguaxe que aprendera antes de que se cortase o proceso de socialización e que non esqueceu de todo durante os anos de illamento e soidade.

Marcos foi un fillo da fame, da estreiteza, da penuria económica e a miseria social. Nesas coordenadas de tempo e espazo é onde hai que situar o problema do illamento de Marcos. E acórdase do clima de rexeitamento que tivo que soportar antes do abandono, que o obrigaban todos os días a buscar landras, que o maltrataban. Sabía que estorbaba e por iso cre que o pai o vendeu. Foi abandonado no momento en que se producía o paso da etapa egocéntrica cara á socialización. O empeño de buscar o outro tivo que dirixilo os animais cos que conviviu: as cabras, os cervos, o xabaril, a aguia, o lobo... Sobre todo o lobo. E aprendeu as linguaxes destes animais que, aínda hoxe, reproduce de forma magnífica: o canto dos paxaros e o berro en celo dos cervos, os ruídos cos que está convencido que se entendía coa raposa, cos lobos e coa serpe. A súa linguaxe desenvólvese e enriquecese coa aprendizaxe dos ruxidos daqueles animais cos cales chega a crer que convive. Porque é máis importante aquilo que Marcos imaxina que lle está a acontecer que o que lle acontece en realidade. A imaxinación, pois, foi o que o salvou da soidade e o tedio.

*“Leváronme á serra, a unha cova. Saíu un velliño con barba que levaba uns zapatos de cortiza. Había lobos ouveando, raposas, cabras monteses, cervos, os veados, alacráns, cobras... Pola noite eu oía estes animais e tiña medo. Saíu este velliño e deixáronme alí co vello. Tiñan trescentas cabezas de cabras que gardaba o vello aquel. O señor marchou e deixoume co vello. O vello cortou un pouco de monte e alí na cova púxoo no chan preto do lume, e púxome unha pel de veado contra o monte e outra pel para arrouparme. Non me preguntaba nada, nin falaba comigo, nin nada de nada. Ao outro día, levantámonos pola mañá, chamou unha cabra, nun cacharro de cortiza empezou a muxila. As sobreiras teñen unhas tetas que saen e fanse pratos. Cando tivo o prato cheo deumo e díxome que o bebese. El sacou outro e bebeuno tamén. Soltamos as cabras que estaban metidas nun curral de estacas cravadas e monte no medio. Entón, fómonos por alí, polo val, coas cabras e eu sempre detrás del, porque había tantos bichos e non me movía do seu lado. Pola tarde, deume ganas de xogar, cunha rama facíalle cousas a el. Colleu unha moca, deume dous mocazos. Eu non me achegaba, pero como non sabía por onde saír de alí non me podía ir por ningún lado”.*

*“O monte era moi alto e baixaban os cervos do monte a beber ao río. Eu estaba preparado co coitelo, sempre a punto, escondíame e dáballes un corte ao colo, ao garneato, e daban un salto e botábanse na auga e alí acabábaos de matar. Os outros corrían, pero a mi non me vían. Fixen unha zamarra de peles, dous buratos, con trobiscos, facíame buratos e atábame unha correa de*

*trobisco. Levaba un pelo longo, ata a cintura. A carne que eu non quería poñíaa nun saco e leváballela aos lobos, aos lobetos pequenos; os pais non me deixaban, pero como vían que eu lles levaba de comer, colleron confianza. Eu ulía coma eles. Un día collín un e sen querer fixenlle un pouco de dano e a loba, que estaba alí ao lado, pegoume unha gadoupada. Pero tiña confianza con eles. Cando eu quería que viñesen, cando me vía en perigo, que non tiña saída, empezaba a ouvear uuuuuuh..., entón facíao mellor, viñan varios lobos e como sabían que eu lles botaba de comer a eles e aos seus fillos, pois eles dábanse conta que eu non sabía por onde saír, era un bosque moi alto. Eu choraba e tirábanse a min dando saltos e collíanme os brazos coa boca ata que eu ría; logo, sinalábanme o camiño ata a cova deles, a lobeira, e dende alí eu xa sabía ir. Cando chegaba alí estaban todos os cachorriños a esperar e empezaban a xogar e a dar saltos. E o que é raro é que non atacaban as cabras, víanme con elas, non sei, mira que son malos os lobos coas cabras... Cando me morría unha, eu empezaba a ouvear, viñan os lobos e comíana. Primeiro pegábanlle un bocado aquí, no colo, e logo sacábanlle o mondongo. Un día, un quería matar un chibo, eu collín un bastón de silveira con moitos espiños e pegueille, escapoulle un ouveo ao lobo e marchou. Ao outro día, vénme moi amodo, moi amodo, arrimándose a mi e eu empecei a acaricialo, e para que non me tomase manía, fun a un burato destes que facía para as perdices e deílla e deitouse, e comeuna. Eu xa me coidaba de todos os bichos”.<sup>19</sup>*

19 Do relato de Marcos. In: Janer Manila, Gabriel: *La problemática educativa dels infants selvàtics: el cas de “Marcos”*. (Tese doutoral). Barcelona. Laia, 1979., p. 165-166, 168-169.

Vide. Janer Manila, Gabriel: *Marcos, Wild Child of The Sierra Morena*. Londres. Souvenir Press, 1982.



## LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS: EL CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila\*

Catedrático de Antropología de la Educación

### RESUMEN

*A partir del estudio de la historia de Marcos Rodríguez Pantoja, que vivió abandonado en Sierra Morena entre los siete y los diecinueve años, se aborda el estudio de algunos problemas, sobre todo de índole educativo, que plantea el aislamiento social y cómo éste determina las estructuras de la personalidad humana. Las dificultades de Marcos para adaptarse a la vida social surgen de la propia sociedad, que no le facilita el camino, pero también surgen del mismo Marcos, puesto que las estructuras de su pensamiento crecieron a un ritmo diferente y de una forma distinta de cómo lo hubieran hecho en el seno de la sociedad. La historia de Marcos nos plantea la problemática de la irreversibilidad de unos determinados aprendizajes cuando éstos se han producido durante los años cruciales de la vida.*

\* El autor es Licenciado en Letras. Doctor en Pedagogía por la Universidad de Barcelona. Catedrático de Antropología de la Educación en la Universitat de les Illes Balears y escritor. En 1967 se dio a conocer con L'ABISME, Premio Ciutat de Palma de novela. Desde entonces su producción narrativa ha sido continua, con títulos como ELS ALICORNS, Premio Josep Pla 1971; LA CERIMÒNIA (1977); ELS RIUS DE BABILÒNIA, Premio Sant Joan de novela 1984; LA DAMA DE LES BOIRES (1987); PARADÍS D'ORQUÍDIES (1992); LLUNA CREIXENT SOBRE EL TÀMESI (1993); LA VIDA, TAN OBSCURA (1996); ELS JARDINS INCENDIATS, Premio Carlemany de novela 1997; GEORGE (2002); ÈXTASI (2005) y TIGRES, Premio Ramón Llull de Literatura Catalana, 2007. También ha cultivado el ensayo, con títulos como CULTURA POPULAR I ECOLOGIA DEL LENGUATGE, Premio Josep Pallach 1981, o su tesis doctoral LA PROBLEMÀTICA EDUCATIVA DELS INFANTS SELVÀTICS: EL CAS DE MARCOS (1979), traducida al inglés: MARCOS, WILD CHILD OF THE SIERRA MORENA (Londres. Souvenir Press, 1982), y la narrativa infantil y juvenil: EL REI GASPAR, Premio Josep M. Folch y Torres 1975; TOT QUANT VEUS ÉS EL MAR, Premio de la Generalitat de Catalunya al mejor libro infantil publicado en 1987 y Premio Nacional de Literatura infantil y juvenil del Ministerio de Cultura 1988; ELS RIUS DE LA LLUNA, Premio Ala Delta 1987; RECORDA'T DELS DINOSAURES, ANNA MARIA, Premio Edebé 1991; HAN CREMAT EL MAR, de nuevo Premio Nacional de Literatura infantil y juvenil del

## **Introducción**

